



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón (A Coruña)  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

### **BASES DO CONCURSO DA PROMOCIÓN TURÍSTICA #VIVEPADRÓN ANO 2021**

#### **Primeira. Empresa organizadora**

A empresa Concello de Padrón con domicilio en rúa Longa 27 en Padrón – A Coruña con CIF P1506600D organiza, coa intención de promocionar a vila entre visitantes que se achegan, e a promoción a través de redes sociais do concurso #VivePadrón nos meses de verán do ano 2021.

#### **Segunda. Finalidade.**

Promocionar e enxalzar a beleza do rueiro e do patrimonio arquitectónico da vila de Padrón e dos principais recursos culturais, patrimoniais, naturais e gastronómicos da vila, así como dinamizar a participación activa da veciñanza, dos visitantes, e do sector da restauración do Concello para contribuír á imaxe global dun Padrón máis atractivo, tanto para a poboación local como para as persoas visitantes.

#### **Terceira. Obxectivos**

Os principais obxectivos da convocatoria deste concurso son:

- A promoción dos recursos culturais, patrimoniais, etnográficos, naturais e gastronómicos de Padrón.
- Dar visibilidade ao concello de Padrón a través das redes sociais.
- Convidar á poboación da zona (veciñanza, comerciantes, hostaleiros...) á participación activa da promoción da vila.

#### **Cuarta. Data de inicio e finalización**

A promoción #VivePadrón realizarase dende o 1 de xullo ata o 15 outubro (ambos inclusive)

Realizarase un sorteo entre todas as persoas que participen cada mes, da seguinte forma:

- 1 sorteo coas persoas que participen dende o 1 ao 31 de xullo.
- 1 sorteo coas persoas que participen dende o 1 ao 31 de agosto.
- 1 sorteo coas persoas que participen dende o 1 ao 30 de setembro.
- 1 sorteo coas persoas que participen dende o 1 ao 15 de outubro.

#### **Quinta. Participantes**

Poderán formar parte no concurso todas aquelas persoas maiores de 18 anos de idade e teñan unha conta real na rede social de Instagram.

#### **Sexta. Mecánica da promoción**

A mecánica da promoción consiste en:

- Subir á súa conta na rede social de Instagram un selfie persoal ou colectivo diante dun dos recursos culturais, patrimoniais, etnográficos, naturais ou gastronómicos de Padrón.
- Etiquetar conta de Instagram de Padrón Turismo.
- Empregar o hashtags #VivePadrón.
- Seguir a conta de Instagram de Padrón Turismo.

Terase que recoñecer o recurso que aparece na fotografía.

O número de fotografías subidas por cada persoas participante é ilimitada, dentro das datas de cada un dos sorteos. Poderase participar nos sorteos de cada mes, con imaxes diferentes.

Non se admitirán montaxes fotográficas. A fotografía terá que ser orixinal e realizada no lugar no que se atopa o recurso turístico. Non se admitirán imaxes, comentarios ou opinións cuxo contido se considere inadecuado, que sexan ofensivos, violentos, sexistas, racistas, inxuriosos ou discriminatorios ou que puidesen vulnerar dereitos de terceiros.

#### **Sétima. Premios**

Os premios do concurso serán:

- Mes de xullo: vale de 200€ para gastar nun aloxamento turístico de Padrón.
- Mes de agosto: vale de 200€ para gastar nunha empresa de turismo activo que opere en Padrón.
- Mes de setembro: vale de 200€ para gastar no comercio e hostalería de Padrón.
- Mes de outubro: unha cesta de produtos locais valorada en 100€.

O importe dos premios quedará suxeito ás retencións fiscais que marque a Lei.



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón (A Coruña)  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

### **Oitava. Selección das persoas gañadoras, comunicación e entrega.**

Ao remate de cada mes, cada persoa gañadora será elixida de forma aleatoria entre todas as persoas que participen a través dunha plataforma na rede. Unha persoa por cada mes e sorteo.

Ao día seguinte ás 12.00 horas publicarase a través da páxina de Padrón Turismo da rede social Instagram o nome das persoas gañadoras, que terán que poñerse en contacto coa oficina de turismo de Padrón para indicarlle como consumir o seu premio. Os días de publicación das persoas gañadoras será o 1 de agosto, 1 de setembro, 1 de outubro e 16 de outubro.

A persoa gañadora terá que comunicar a aceptación do premio antes de 72 horas, confirmándoo con Padrón Turismo a través da conta do correo electrónico [turismo@padron.gal](mailto:turismo@padron.gal) e comunicar a súa identidade (DNI, nome e apelidos, e un teléfono de contacto) e asegurar así a comunicación co Concello de Padrón a efectos de acreditar a confirmación da identidade e o premio. Estes datos serán usados exclusivamente para a comunicación do premio ou aclarar calquera continxencia unha vez aceptado.

### **Novena. Gozar do premio.**

O premio poderase consumir durante todo o ano 2021 baixo reserva previa e dispoñibilidade do establecemento.

As persoas gañadoras terán ata o 31 de decembro de 2021 para realizar o gasto e presentar os recibos na Oficina de Turismo. No caso de non presentar os recibos ou non gastar todo o premio, o Concello de Padrón solicitará o reembolso do mesmo.

### **Décima. Desvinculación con respecto a Instagram.**

Instagram non patrocina, avala nin administra de modo algún esta promoción, nin está asociado a ela. A persoa usuaria desvincúlase totalmente de Instagram e é consciente de que está proporcionando a súa información ao concello de Padrón e non a Instagram. A información que proporcione empregárase para comunicarlle o premio.

### **Undécima. Condicións de participación**

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases.

Se calquera das persoas participantes non cumpre cos requisitos esixidos nas bases, ou os datos proporcionados para participar non fosen válidos, a súa participación considérase nula e quedarán automaticamente excluídos da promoción perdendo todo dereito sobre os premios outorgados.

As persoas participantes ceden os dereitos de imaxe das fotografías e autorízase á organización a realizar e publicar cantas fotografías se consideren oportunas nos diferentes medios (prensa, redes sociais, etc.), como apoio á difusión e promoción do evento.

Máis información na Oficina de Turismo de Padrón, no correo electrónico: [turismo@padron.gal](mailto:turismo@padron.gal) e no teléfono 646 59 33 19.